

Espazo FEE



A REVISTA DA FACULTADE DE ECONOMÍA E EMPRESA



A mocidade e o futuro da lingua

SOS Refuxiadas UDC

O Fin da Alquimia

**A FUNDACIÓN DA UNIVERSIDADE (FUAC),
Impulsora das relacións Universidade - Empresa**

LGx15 Ideas para o futuro da lingua!

Editorial

Rematadas as vacacións estivais e xa metidos plenamente no curso académico 2016/2017, cómpre, como todos os anos por estas datas, formular unha serie de comentarios sobre aspectos ou cuestións que van ser de relevancia para a comunidade universitaria da Facultade de Economía e Empresa nos vindeiros meses.

Dentro do capítulo das novidades, podemos salientar que o novo curso trouxo por fin a **implantación do programa de docencia en inglés para o grao en Economía**. Con esta decisión, a nosa facultade segue a estar a innovar na súa oferta académica e a profundar na súa internacionalización a través de medidas reais que favorecerán o intercambio de estudantes e profesores con outras universidades do espazo europeo de educación superior nos estudos de Economía. Como ben o coñece a Facultade, este é un paso necesario, malia que non suficiente, para conseguir no futuro un dobre grao internacional en *Economics* cun socio estranxeiro, preferiblemente europeo ou norteamericano. Até agora, todos os nosos potenciais socios establecen como *conditio sine qua non* que o noso estudante e profesorado adquiran un nivel de competencias lingüísticas en inglés que lles permita desenvolverse sen problemas nun contexto internacional. Do mesmo xeito que no caso do grao en Administración e Dirección de Empresas, o programa irase implantando de maneira gradual nos diferentes anos académicos e, previsiblemente, poderemos ter a primeira promoción egresada deste programa de grao no curso 2019/2020. É doado comprobar que este esforzo do

profesorado contribuirá positivamente á inserción laboral dos nosos graduados nun contexto internacional e, asemade, situará a nosa facultade entre as que maior compromiso e preocupación amosan por mellorar as súas ofertas académicas.

Tamén cómpre salientar os dous acordos que se van asinar, coa Escola de Negocios de Rennes e a Universidade de Delaware, para que os estudantes do Mestrado Universitario de Administración e Dirección de Empresas (MBA), que se imparte no centro, poidan completar este programa cunha experiencia internacional que lles proporcionará un dobre mestrado con estas institucións. O acordo consiste esencialmente en que os nosos alumnos se despracen a estas universidades para cursar un mínimo de materias avanzadas no ámbito da Dirección de Empresas nun cuatrimestre. Dependendo do programa elixido terán materias que sen ningún xénero de dúbidas completarán a súa formación ao profundaren en aspectos tan relevantes como, por exemplo, o Management internacional ou a problemática derivada das empresas na rede. Velaquí outro xeito de demostrar como a calidade debe ser o selo que diferencia a oferta dunha universidade pública fronte a outras ofertas máis caracterizadas pola busca dun suposto e malentendido elitismo baseado máis na capacidade económica das familias dos estudantes que na intelectual do propio alumno.

Estes avances non se poderían conseguir sen a implicación dun profesorado e PAS concienciado e

comprometido coa mellora continua da Facultade e un estudantado, razón de ser de todo o que temos entre mans, disposto a asumir os retos que se lle propoñen. Hoxe podemos afirmar que a comunidade universitaria da FEE reúne o dinamismo necesario para repensar con creatividade, visión de longo prazo e realismo que tipo de institución queremos ser e cales deben ser as nosas prioridades como centro público de educación superior.

É moi importante decatámonos de que o noso contorno cambiou de maneira substancial nos últimos anos. A evolución demográfica, a aparición de competencia no ámbito da educación superior, tanto procedente de universidades públicas como privadas, a incorporación das TIC ao mundo da docencia, as esixencias crecentes no ámbito da acreditación da calidade, o cambio nas necesidades das empresas no tocante á formación dos seus empregados etc. deben facernos mudar a nosa visión do que é a universidade e a relación cos estudantes. **Hoxe hai que saír e buscar os mellores estudantes, hai que lles ofrecer algo que se perciba como atractivo e útil para a súa formación e desenvolvemento integral como persoas** –non só como oferentes de traballo no mercado–, hai que adaptar as metodoloxías de acceso ao coñecemento ao contorno tecnolóxico e ás situacións que caracterizan os modos actuais de vida... Só deste xeito seremos capaces de xustificar que a sociedade continúe a apostar pola universidade pública como mecanismo real de progreso social e económico.

A mocidade e o futuro da lingua

Alá polo ano 2002 o Consello da Cultura Galega daba ao prelo o primeiro volume dunha serie de tres que publicaría sobre o proceso de normalización do idioma galego no período 1980-2000¹. Deste volume, no cal se analizaba o marco legal que rexía o uso do noso idioma e as iniciativas de política lingüística levadas a cabo neses vinte anos, queremos salientar unha conclusión que ao noso entender mantén a súa vivencia, e que amosa o seguinte paradoxo no tocante á situación social da lingua galega:

«Nunca antes se interviñ[er]a tan activamente na súa promoción e nunca antes estivera tan ameazada como tal lingua».


Os datos do mapa sociolingüístico de Galicia (MSG) elaborado só dous anos máis tarde polo Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega viñeron confirmar o perigo: no tramo de idade dos 16 aos 54 anos de idade producírase unha caída de 30,6 puntos na porcentaxe de galegofalantes iniciais, que pasara do 51,2 % no MSG do ano 1992 ao 20,6 % no MSG de 2004².

No mesmo tramo de idade o uso monolingüe do galego como lingua habitual retrocedera 14,5 puntos, mentres o bilingüismo con predominio do galego caera 7,6 puntos, desde o MSG de 1992. Pola contra, o uso habitual do castelán aumentara, tanto o monolingüe (12,8 puntos) como o bilingüe (9,3 puntos)³:

Desde entón até a actualidade as porcentaxes de galegos que aprenden o galego como lingua inicial e que se serven do galego como lingua habitual non deixaron de


minguar. Así o reflicten os datos da enquisa estrutural a fogares do Instituto Galego de Estatística sobre o coñecemento e uso da lingua galega en 2008 e 2013⁴:

Comparativa da lingua inicial no tramo de 16-54 anos no MSG-92 e no MSG-04 (%)



Fonte: Mapa sociolingüístico de Galicia 2004. Volume I. Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia

Comparativa da lingua habitual no tramo de 16-54 anos no MSG-92 e no MSG-04



Fonte: Mapa sociolingüístico de Galicia 2004. Volume II. Usos lingüísticos en Galicia

1 Monteagudo, H./Bouzada, X. M. (coords.) (2002): *O proceso de normalización do idioma galego (1980-2000). Volume I. Política lingüística: análise e perspectivas* (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega).

2 González, M. (dir.) (2007): *Mapa sociolingüístico de Galicia 2004. Volume I. Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia* (A Coruña: Real Academia Galega).

3 González, M. (dir.) (2008): *Mapa sociolingüístico de Galicia 2004. Volume II. Usos lingüísticos en Galicia* (A Coruña: Real Academia Galega).

4 Pode consultarse no enderezo web <<https://goo.gl/5Dfqlq>>.

Persoas segundo a lingua en que aprenderon a falar.
Datos por idade de 2008 e 2013 (%)

	2008	2013
<i>Galego</i>		
De 5 a 14 anos	25,08	18,35
De 15 a 29 anos	31,33	26,23
<i>Castelán</i>		
De 5 a 14 anos	38,85	45,49
De 15 a 29 anos	33,54	38,1
<i>As dúas</i>		
De 5 a 14 anos	34,33	31,46
De 15 a 29 anos	31,46	31,51

Fonte: enquisa estrutural a fogares do Instituto Galego de Estatística

Aínda que son varias as hipóteses que se barallan para explicar esta variación, cabe salientarmos dous fenómenos que están a ser decisivos á hora de inclinar a balanza a favor do castelán:

a) A lingua en que os proxenitores se dirixen aos seus fillos. É necesario termos en conta que as linguas perduran no tempo cando pasan de xeración en xeración, ou, dito doutro xeito, a ruptura da transmisión interxeracional dunha lingua pon en perigo o seu futuro.

b) O funcionamento dos axentes externos de socialización, entre eles a escola, que sempre foi considerada un ámbito estratéxico de actuación para garantir a transmisión do noso idioma propio. Con todo, tal e como xa apuntaba o profesor da Universidade de Vigo Anxo Lorenzo en 1998 no seo dos II Encontros para a Normalización Lingüística⁵:

«É certo que a inserción do galego nos distintos niveis educativos supuxo unha alteración cualitativa e cuantitativa da consideración social da lingua galega. Pero as transmisións educativas non son unha panacea

para a supervivencia do galego, nin poden compensar a ruptura da transmisión primaria normal da lingua no seo familiar».

A isto debemos sumarlle o feito de que moitas criaturas que teñen como lingua inicial o galego pasan a empregar o castelán ben no mesmo momento de comezar a súa escolarización, ben máis adiante no seu percorrido académico, por exemplo cando van á universidade.

Xa que logo, nunha situación como a nosa, en que existen dúas linguas en competencia a se repartiren o espazo social, o uso do galego só pode aumentar en primeiro lugar de se producir a transmisión primaria da lingua no contexto familiar.

Con este marco de fondo, cal é o papel que debe desempeñar un servizo de normalización lingüística como o da Universidade da Coruña? Non hai dúbida de que a nosa misión é fomentar o uso da lingua, mais que accións deberíamos levar a cabo para tratar de inverter un proceso que semella irreversible e prestixiar o uso do galego? Estas e outras cuestións similares invaden

Persoas segundo a lingua en que falan habitualmente. Datos de 2008 e 2013 (%)

	2008		2013	
<i>En galego sempre</i>	29,96	56,40	30,84	50,90
<i>Máis galego ca castelán</i>	26,44		20,06	
<i>Máis castelán ca galego</i>	22,45	42,50	22,00	47,95
<i>En castelán sempre</i>	20,05		25,95	

Fonte: enquisa estrutural a fogares do Instituto Galego de Estatística

acotío o ánimo dalgunhas persoas que tratamos de intervir para que o galego escale algunhas posicións e non siga perdendo falantes.

O panorama semella pouco alentador, xa que, agás que adquiramos un verdadeiro compromiso coa lingua propia, os avances, a pesar das políticas lingüísticas, van ser máis ben nimios. Neste sentido, talvez cómpre non esquecermos as palabras do profesor da Universidade da Coruña Xosé Ramón Freixeiro⁶

«Unha lingua é a obra de creación máis importante dun pobo, pois nela levan colaborando todas as persoas que o conforman através de toda a súa historia... Non se trata dun simple medio de comunicación que permite os membros dunha determinada comunidade entendérense entre si... Mais unha lingua é moito máis do que iso, xa que nela está sintetizada toda a historia e a personalidade dun pobo, converténdose na verdadeira alma do mesmo».

Servizo de Normalización Lingüística da UDC

5 Lorenzo, A. (1999): «A xestión normalizadora en Galicia: encadramento, características e propostas de funcionamento», en Domínguez, A. B./Mayo, S./Romero, D.: Actas dos II Encontros para a Normalización Lingüística: 7-18 (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega). Anxo Lorenzo foi secretario xeral de Política Lingüística entre 2009 e 2012.

6 Freixeiro, X. R. (2002): Lingua galega: normalidade e conflito (Santiago de Compostela: Laiovento).



The National Polytechnic University of Armenia

Durante o mes de febreiro visitei a través do Programa Tempo a National Polytechnic University of Armenia. A NPUA era a antiga State Engineering University of Armenia que, á súa vez, fora a sucesora do Yerevan Polytechnic Institute, fundado no ano 1933. Durante a permanencia de Armenia na URSS, este centro educativo foi unha das referencias en canto ás ensinanzas técnicas, con especial atención á aeronáutica. Na actualidade a NPUA segue a ser unha referencia no ámbito do ensino técnico en Armenia. Conta con arredor de 10 500 estudantes e uns 900 profesores.

Nos últimos anos, e grazas en parte a programas como *Tempo*, a NPUA está a desenvolver unha importante rede de cooperación internacional con universidades e centros de investigación de toda a Unión Europea.

O *Programa Tempo*, agora denominado *Tempus*, busca ter un impacto nos centros de educación superior dos denominados terceiros países (Armenia, Acerbaixán, Bielorrusia, Xeorxia, Moldavia e Ucraína), mediante a asimilación das características do European Union Higher Education System. Esta intención de colaboración e asimilación de coñecementos materialízase en mobilidades de estudantes e persoal (docente e administrativo), que fomentan un enriquecemento mutuo.

Armenia é un pequeno país situado no Cáucaso sur, que conta na actualidade con pouco máis de tres millóns de habitantes dos que máis da metade residen na súa capital, Ereván. A pesar do seu pequeno tamaño, Armenia chegou a posuír unha extensión importante chegando a tocar o mar Caspio, o mar

Negro e o mar Mediterráneo. Hoxe en día, Armenia non dispón de saída cara ao mar, encaixada por Turquía ao oeste e por Acerbaixán ao leste.

O descoñecemento xeneralizado deste país contrasta coa enorme riqueza histórica do lugar. As mencións ao Estado armenio remóntanse ao século V antes de Cristo, e desde entón pasaron por diferentes status, urartianos, persas, seléucidas, romanos, árabes, bizantinos, turcos e rusos tiveron épocas de dominación sobre o territorio armenio, o que foi moldeando non só a configuración física do país, senón a idiosincrasia das súas xentes. Se de algo están orgullosos os armenios é ser o primeiro país que adoptou o cristianismo como relixión oficial, alá polo ano 301 d.C.

En 1991 votouse en referendo a separación de Armenia da URSS e, na actualidade, Armenia ten dúas fronteiras abertas que dificultan a súa apertura cara ao exterior e os investimentos económicos: unha na fronteira con Turquía, que permanece pechada e, por outra banda, as tensións que aínda existen con Acerbaixán polo territorio de Nagorno Karabakh, e que fai que as súas

fronteiras tamén permanezan pechadas.

Persoalmente, a experiencia foi inmillorable, esta mobilidade fixo que cambiase o meu punto de vista acerca de Armenia e dos seus habitantes. Tiven a posibilidade de coñecer o país dunha maneira diferente e, se cadra, esta mobilidade foi tan importante desde o punto de vista persoal como no campo profesional propiamente dito.

Economicamente, Armenia non é un país que se poida comparar a España, pero un dáse conta de que é totalmente posible traballar nun despacho vello e con poucos recursos, o importante é traballar tratando de mellorar paso a paso. En resumo, non todas as universidades teñen as instalacións de que dispoñemos na Universidade da Coruña, algo que debemos tratar de valorar, pero sen dúbida os recursos humanos son a chave para cambiar esta situación, e niso Armenia está a cabeza.

Roberto Rodríguez Martínez

PAS do Instituto Universitario de Estudos Europeos Salvador de Madariaga



O descenso no nivel de formación dos alumnos: unha reflexión

Creo non equivocarme ao afirmar que os alumnos dun tempo a esta parte chegan á universidade cun menor nivel de formación. A pesar de non dar clase en primeiro, percibo esta realidade por moitas preguntas que fago nas clases e que son cuestións que deberían saber do paso polos anteriores estadios formativos e que tamén os mesmos alumnos, segundo me teñen manifestado, son conscientes desa realidade. Ademais, hai un tempo, lin nunha entrevista que lle fixeron a unha profesora da Universidade de Vigo, a que por certo me deu clases –excelentes– de Física en Enxeñería de Telecomunicacións, que «hoxe case todos os alumnos suspenderían os exames de hai dez ou vinte anos [sic]». O problema do menor nivel de formación básica, ademais de por si reflectir esas carencias na adquisición de competencias ao longo dese período formativo, é que, ao pasaren os alumnos á universidade, diminúe a nosa posibilidade de lograr que acaden un nivel de formación máis elevado. Isto condúcenos a unha dinámica de «menor intensidade instrutiva» froito do que poderíamos denominar –empregando un concepto propio do ámbito da administración de empresas acuñado por Cohen e Levinthal (1990)– unha menor «capacidade de absorción» para assimilar e integrar coñecemento por parte do alumnado. A conclusión deste proceso é bastante obvia: estamos a xerar economistas, avogados, enxeñeiros etc, en definitiva, profesionais con menores niveis de cualificación. Este diagnóstico trasládanos un prognóstico

sombrio no ámbito social e nada esperanzador e que ten que ver coa capacidade de xerar máis progreso, avance e benestar da nosa economía. Por tanto, esta situación obríganos a reflexionar para intentar descifrar cales son as posibles causas que a motivan para así tratar de a reverter, xa que logo, está en xogo o futuro da nosa sociedade.

O descenso no nivel de formación é unha consecuencia do menor nivel de esixencia que se está a impoñer no ensino. Expresado noutros termos, hai un descenso no nivel de esforzo e sacrificio. Pero a pregunta relevante que convén que nos fagamos é: por que agora esta menor esixencia? Aquí, na miña opinión, xogan un papel clave os pais. Os pais están máis preocupados porque os seus fillos poidan pasar dun curso a outro –un aspecto cuantitativo– e que vaian así progresando na escala educativa que polo grao de coñecementos e destrezas adquiridos –un aspecto máis cualitativo– ao longo desta peregrinación. Esta preocupación trasládase aos centros dunha forma moi sutil pero bastante eficaz, de tal xeito que se o/a fillo/a ten problemas coas materias do curso, e ante o temor de que non poida avanzar de curso e as repercusións que isto supón para o neno e a familia, os pais cuestionan o nivel ou grao de esixencia dos estudos, e os profesores, tamén engadiría co beneplácito cando non interese do centro, ante esta situación/presión vense «forzados» a alixear o nivel de esixencia para así evitar situacións incómodas. O resultado é alumnado con

menos nivel de formación básica. Xa na universidade, os efectos disto amplifícanse, porque á limitación que esta menor formación impón, de cara a poder ofrecer formación de máis nivel, únese a propia inercia desa menor esixencia e que tamén se perpetúa neste nivel de ensino. Escribindo estas liñas recordo agora aquela frase que un bo día dixo un político, e que parece que se converteu nunha especie de verdade evanxélica, sobre que tiñamos a xeración máis formada da historia. A min permítanme dubidar dela.

Unha dinámica de menor esixencia desemboca irremediamente, mírese por onde se mire, nun empobrecemento persoal a todos os niveis. Creo que todos, pero en particular os pais, debemos tomar consciencia desta situación porque, ademais de estar a viciar todo o sistema de ensino, estamos a fallar en algo máis fundamental, que é na necesidade, e diría que obriga, de lles inculcar e **transmitir aos nosos fillos o importante que é o esforzo e o sacrificio como valor**, alén de o esixir. Ademais, o esforzo aínda ten outra lectura máis sutil e se cabe máis importante que a de permitirnos xerar mellores profesionais. O esforzo crea unha serie de valores internos de fortaleza, resistencia, tenacidade, autoestima, que son moi importantes no desenvolvemento dun bo nivel de intelixencia emocional e que é clave para afrontar os diversos retos e contrastos que, sen dúbida, se presentarán ao longo da nosa vida. Por tanto, querer diminuír o nivel de esforzo para que os nosos fillos

poidan acadar máis facilmente os resultados é un camiño equivocado e que conduce a un certo nivel de infantilismo. Urxe así que avancemos cara a un maior nivel de esixencia nos estudos, promovendo deste xeito esa necesaria e útil cultura de esforzo e do sacrificio –ás veces vinculada erroneamente a proxec-

tos ideolóxicos de índole política– necesaria para construír unha sociedade mellor, unha sociedade máis preparada para os desafíos do futuro. E remato esta reflexión parafraseando unha cita do dramaturgo e poeta alemán Bertolt Brecht: «Hai homes que se esforzan un día e son bos. Hai outros que se esforzan

un ano e son mellores. Hai os que se esforzan moitos anos, e son moi bos. Pero hai os que se esforzan toda a vida, eses son os imprescindibles».

*José López-Rodríguez
(PDI)*

SOS Refuxiadas UDC

No contexto actual, vendo como o Mediterráneo se converte nun cemiterio e as súas costas en campos de concentración de refuxiadas, faise imposible ficarmos alleas a unha situación en que se se violan os dereitos máis básicos. Vemos como a UE se nega a acoller as persoas que foxen desesperadas dunha guerra que responde a intereses estranxeiros, e dá como única solución un vergoñento tratado con Turquía co fin de ocultar a traxedia, máis que de a encarar, ou como condena as exiliadas a vagar polo continente, enfrontándose en cada fronteira a valados e concertinas, cando non é a propia policía quen os ataca.


Nesta situación de desesperación non podemos ser máis que solidarias e axudar no máis directo para paliar o momento e abrir o debate para solucionar a situación. E é con pequenas iniciativas, como a dos petos, como podemos comezar a facela visible. Non pretendemos caer na caridade, que sempre ten un compoñente vertical; non facemos isto por nos sentir mellor con nós mesmas, senón que o facemos por xustiza, e porque non é senón a máis nobre das solidariedades a que están a amosar as voluntarias e voluntarios de Proactiva Open Arms.

Comezamos por poñer petos en cafeterías, logo foron ás bibliotecas e seguirán nas reprografías. En mente temos moitos proxectos, recollidas puntuais, charlas e contactos con voluntarias e mesmo

aínda que a maioría somos alumnas, váisenos sumando xente doutros colectivos. Estamos, cada vez máis, espalladas polas diferentes facultades da UDC, con xente xa na maioría dos centros, o que nos permitiu distribuír rapidamente os petos, e agardamos nos facilite propagar a solidariedade ata o último recuncho da universidade.

Se ben a nosa acción a curto prazo vaise acoutar, previsiblemente, a recoller fondos para Proactiva Open Arms e a facer visible a problemática no seo da UDC, non descartamos participar da presión de diferentes colectivos de cara a que as universidades dean un paso adiante na acollida e integración das persoas refuxiadas e mesmo lles faciliten continuar os seus estudos.

Son momentos da Historia coma este en que o ser humano debe amosar o mellor de si. A solidariedade e a fraternidade, e non a indiferenza e os muros, deben encabezar a resposta ante a chamada das abandonadas. Nas mans de todos e todas nós está evitar termos que agochar a cabeza cando nos pregunten pola actuación da sociedade europea coas persoas refuxiadas.



Colectivo ao que pertence: Todos


con familias acollidas, sempre buscando colaborar con aquelas organizacións que levan meses traballando. Pensamos xa no próximo curso e en como organizar todas estas actividades, pero sempre fai falla xente, que traballe e contribúa. Estudantado, PAS e PDI, é imprescindible difundilo entre todos os colectivos da universidade,

Por unha facultade libre!

Pode ser un escravo sen o saber? Deben facer algo as universidades para espertar as consciencias do alumnado? O primeiro punto de partida en que nos debemos poñer de acordo, prezado/a lector/a, é en que, ao usarmos software privativo, somos escravos. Con «software privativo» (non podo evitar facer publicidade gratuíta ao mencionar as marcas) refírome a Microsoft, ao idolatrado Excel, a Word etc.

Por que se chama «privativo»? Pois porque nos priva da liberdade, estas

empresas recollen información túa persoal, para vixiarte, controlarte, estudar os teus hábitos de consumo etc. Con este humilde artigo só quero poñer de manifesto a existencia de software libre e a reflexión de que podemos usar alternativas a Excel, como Calc de LibreOffice, que non pertence a ningunha empresa, que é gratis e que che permite gozar da seguridade de que deixas de ser escravo e contribúes a un mundo onde se reduce a individualidade e aumenta o sentimento de pertenza a unha comunidade.



José Manuel Suárez Triñanes
estudante MBA

The Chemical Brothers en Santiago de Compostela

O pasado 30 de outubro tivo lugar en Santiago de Compostela un evento moi especial, o concerto da banda formada por Tom Rowlands e Ed Simons, *The Chemical Brothers*, dentro da súa xira máis recente, organizada con motivo da publicación do seu último álbum, *Born in the echoes* (EMI Music, 2015). O concerto celebrouse dentro da programación do ciclo Latitudes, posto en marcha con motivo do Ano da Misericordia. A banda británica foi precedida polas actuacións de *Erol Alkan* e de *2ManyDJs*, que, en conxunto, brindaron un excelente espectáculo, cun variado elenco de estilos (techno, house, electro...) remesturados con notoria brillantez. Con todo, o prato forte da noite deu comezo, con exquisita puntualidade, ás 23.30 h.

Con máis de dúas décadas de carreira ás súas costas, e poucas cousas que demostrar aos seus seguidores,

o dúo é capaz, unha vez máis, de reinventarse a si mesmo e de sorprender a quen ten o privilexio de asistir ás súas *performances*. A *playlist* non se limitou unicamente aos temas do último disco, senón que realizaron un percorrido por algúns dos momentos máis sobresaíntes da súa discografía, interpretando algunhas das cancións que os converteron nunha das bandas

máis emblemáticas da música electrónica. E fixérono dun xeito especialmente enérxico, combinando en ocasións varios temas, e ata facendo acenos a outros grupos de referencia da música británica de finais do século pasado (New Order, KLF...), todo iso bañado por un espectáculo visual en que, afortunadamente, o escenario elixido (o Pavillón Multiusos Fontes do Sar), sen ofrecer unha calidade de son excepcional, non desmereceu as esixencias do espectáculo. Para quen gozamos con anterioridade da súa potencia en directo, este foi un concerto excepcional, que quedará gravado nas nosas retinas e na nosa mente. Volve pronto.

Jesús Mirás Araujo
PDI



O Fin da Alquimia

A tese de Mervyn King sobre a crise financeira e por que non somos quen de saír dela



Na miña lista de posibles lecturas, que confecciono a partir das recomendacións ou citas dos meus referentes intelectuais habituais, tiña rexistrado o libro *The End of Alchemy* desde marzo de 2016. No verán pasado, visitando Cambridge, tiven a ocasión de lle botar unha ollada, nunha librería preto do King's College, ao libro, obra de Mervyn King, gobernador do Banco de Inglaterra no período 2003-2013. Enseguida me decatéi de que o propósito do autor era precisamente tratar de responder preguntas que levo tempo facéndome sobre a

sustentabilidade da banca e do sistema financeiro. Alimentado, sen dúbida, polo espírito de Keynes, aínda presente a atmosfera da celeberrima cidade universitaria inglesa, pedín desde alí mesmo un exemplar para a biblioteca da nosa facultade.


Na opinión de Mervyn King, o modelo de negocio bancario é extremadamente fráxil, o que fai inevitable a sucesión de crises no tempo. Tanto máis fráxil como máis apancado. Os mellores modelos econométricos para o control dos riscos, cuxa asignación de probabilidades se basean, en última instancia, en información de exercicios pasados, só poden estimar razoablemente unha parte das perdas (perdas esperadas), fronte ás perdas inesperadas, derivadas da **incerteza absoluta**, sobre a cal non hai posibilidade de asignación de probabilidades de ocorrencia. Aínda así, o autor considera insuficiente para

rematar co problema o aumento das *ratios* de capital. Na súa proposta de desapancamento, que se iría implantando pouco a pouco, considera que os depósitos bancarios só poidan ser investidos en débeda pública, en que o resto de investimentos do banco sexan

o modelo de negocio bancario é extremadamente fráxil

financiados con recursos propios, financiamento nos mercados, ou polo banco central. Neste último caso, cada banco achegaría os seus investimentos como colateral, para o cal o banco central aplicaría un desconto *a priori* sobre o valor en libros dos activos peñorados, crecente co risco dos activos.

Fernando Ruiz Lamas
PDI



Preguntas frecuentes na Administración

Atención aos cambios da avaliación por compensación!!!



O NOVO REGULAMENTO DE AVALIACIÓN POR COMPENSACIÓN (AC), foi aprobado polo Consello de Goberno o 28/06/2016 e entrou en vigor neste curso académico (2016/2017).

Que é a AC?

A avaliación curricular intenta dar resposta a certas situacións académicas excepcionais que lle impiden ao estudante obter o título a que aspira debido a que non superou algúns créditos ou unha materia. A súa finalidade é xulgar o labor realizado polo estudante durante todos os seus anos de estadía na universidade e permite decidir se, en conxunto, posúe os suficientes coñecementos e competencias profesionais para obter o título a que opta.

O órgano que resolve as solicitudes de avaliación por compensación é o Tribunal de Compensación (TC); todos os centros da Universidade da Coruña contarán cun Tribunal de Compensación. A súa composición será a seguinte:

Un presidente (decano), un secretario (secretario académico do centro), tres vogais do colectivo de profesorado, un vogal da Administración do centro e un vogal do alumnado. Non poden formar parte do tribunal os/as profesores/as que interveñan na corrección ou avaliación da materia que se solicita compensar.

O tribunal debe ser convocado coincidindo coas distintas datas de avaliación fixadas no calendario aprobado polo Consello de Goberno. De forma extraordinaria cando o seu presidente o considere necesario.

Para que materias se pode solicitar?

A avaliación por compensación concederáse en materias de formación básica, obrigatorias e optativas dos títulos pertencentes ao EEES.

Quen a resolve?

Que requisitos debo cumprir?

Requisitos

Matrícula

Estar matriculado/a nunha titulación oficial e ter cursado polo menos o 50% da titulación na UDC.

Estar matriculado na materia en que solicitas compensación.



Unha materia para finalizar

Que só che quede unha materia para finalizar os estudos (coa excepción do TFG/TFM).



Última convocatoria suspensa

Que non transcorresen máis de tres cursos académicos desde a última convocatoria suspensa.



Número de oportunidades consumidas

Que te presentes, como mínimo, a tres oportunidades de avaliación na materia que pretendes compensar. Se a materia pertence ao derradeiro curso da titulación ou non estivese asociada a un curso do título en concreto, bastará con que te presentes a dúas oportunidades.



Cualificación da materia e nota media da promoción

Que, nunha das oportunidades ou convocatorias da materia que pretendes compensar, acadases unha cualificación igual ou superior a 3,5 sobre 10; ou ben igual ou superior ao 60% da nota media desa materia no curso académico anterior ao da solicitude de compensación, calculada sen contabilizar os non presentados. Que a nota media do expediente académico, sen computar a materia en que solicitas a compensación, sexa igual ou superior ao 80% da nota media da túa titulación na última promoción con dereito a docencia.*

*De non acadar a cualificación mínima ou non existir a última promoción, o tribunal poderá valorar a información complementaria que estime oportuna para poder outorgar a compensación, analizando a traxectoria académica global do estudante, na materia obxecto de compensación e materias afíns se as houber.

Cando non teño dereito a AC?

- Non tes dereito a AC dunha materia dun mestrado se xa a obtiveches na titulación que che deu acceso ao dito mestrado; tam pouco nunha titulación de

grao se a efectuaches na titulación que che deu acceso ao dito grao (por exemplo nun «curso ponte»).

- Se procedes doutra universidade e xa obtiveches alí unha AC curricular, non a poderás solicitar de novo na UDC.
- Non podes compensar o TFG, TFM, nin as Prácticas que non consten dunha parte teórica (50 % do total) e doutra práctica.
- Se no teu expediente académico consta algunha sanción, non se pode conceder a AC.
- Nos programas de simultaneida-

de só se pode solicitar a compensación dunha única materia do programa.

http://www.udc.es/export/sites/udc/normativa/_galeria_down/academica/avaliacion_compensacion_mod2016.pdf

Nota: esta información é orientativa e está elaborado segundo a normativa vixente no momento en que a publicamos; a Normativa de xestión académica, que se publica cada curso académico, así como a elaboración de nova normativa e instrucións pode introducir cambios.

O seguro escolar

Aínda que moita xente o descoñece, os estudantes están incluídos dentro do sistema de protección da Seguridade Social.

Segundo sinala o artigo 10 da Lei xeral da Seguridade Social, **existe un réxime especial que inclúe os estudantes.**

Resulta un pouco estraño que a Seguridade Social, que en principio é aplicable á existencia dunha relación laboral por conta allea ou propia, sexa aplicable a quen non traballa no sentido xurídico. Aínda que é obvio que estudar se pode considerar un traballo. Pois como acertadamente expoñen os profesores desta universidade (Martínez Girón, Arufe Varela e Carril Vázquez, no seu libro de Seguridade Social) o estudo é un traballo que se pode medir cientificamente. E a ese respecto, cita que a Lei do 17 de xullo de 1953, que establecía ese réxime de Seguridade Social, falaba de produtores económicos e dos

estudantes universitarios que eran os futuros cadros dirixentes e profesionais do país, como dicía Alfonso X na Partida Segunda: «dos homes sabios os reinos e terras se aproveitan».

Como tamén acertadamente sinalan os mencionados autores, sirva para recoñecer o estudo como traballo, que o sistema europeo de transferencia de créditos, di que «o crédito europeo é a unidade de medida do haber académico que representa a cantidade de traballo do estudante, para cumprir os obxectivos do programa de estudos».

No seguro escolar quedan incluídos todos os estudantes, ata os 28 anos, de cursos regulados polo Estado, que deben cotizar por iso (realmente é moi pouca cantidade, non adoita chegar a dous euros ao ano), ao formalizar a matrícula, o resto abóao o Ministerio de Educación.

O estudante ten dereito á asistencia

sanitaria (médica e farmacéutica), a indemnizacións por incapacidade e prestacións económicas por falecemento do cabeza de familia ou ruína familiar, que lle permita continuar cos seus estudos.

Cobre os casos de enfermidade ou accidente, que sofre o estudante como consecuencia de actividades relacionadas directa ou indirectamente cos estudos, incluso as deportivas, viaxes de estudos, de prácticas ou de fin de carreira, sempre que estean organizados ou autorizados polo centro de ensino.

Loxicamente, se o estudante traballa, xa ten cubertas as ditas continxencias pola súa inclusión na Seguridade Social, como calquera traballador normal.

Ricardo López Mosteiro

Doutor en Dereito

Profesor Titular de EU de Dereito do Traballo e da Seguridade Social

A FUNDACIÓN DA UNIVERSIDADE (FUAC), Impulsora das relacións Universidade - Empresa

Unha iniciativa da FUAC, que contou coa participación destacada do grupo de investigación GREFIN da Facultade de Economía e Empresa da UDC, é galardoada pola Unión Europea como mellor proxecto na área de enerxías renovables e medio ambiente



A colaboración entre os centros da UDC e a Fundación Universidade da Coruña resulta fundamental para a transferencia de resultados e o desenvolvemento socioeconómico. Un claro exemplo está na colaboración entre a FUAC e a Facultade de Economía e Empresa da UDC no proxecto Atlantic Power Cluster, recentemente galardoado nos Premios a Proxectos Atlánticos, enmarcados no Plan de acción atlántico constituído pola Comisión Europea.

O grupo GREFIN, especializado no desenvolvemento das enerxías renovables, levou a cabo un labor detallado de identificación de tecnoloxías emerxentes e das súas posibilidades de despregamento no eido empresarial, que sumou á avaliación do estado da normativa e das infraestruturas existentes para a súa aplicación. O traballo dos investigadores completouse co desenvolvemento dunha visión global da cadea de subministración vinculada ás ditas tecnoloxías, sempre baixo a aplicación dos aspectos económicos e financeiros correspondentes ás

enerxías renovables obxecto de estudo.

Unha institución ao servizo da comunidade universitaria e da sociedade

A Fundación da Universidade da Coruña (FUAC) é unha institución de carácter benéfico-docente constituída por escritura pública o 24 de marzo de 1997 como organización non lucrativa para a promoción, desenvolvemento e apoio ao financiamento de iniciativas e

desenvolvemento social e económico da sociedade.

A transparencia, a rendición de contas, a igualdade ou o cumprimento da legalidade están presentes como principios reitores da Fundación Universidade da Coruña no desenvolvemento da súa actividade cos seus grupos de interese e na colaboración no desenvolvemento das relacións da Universidade coas empresas e coa sociedade en xeral.

Para cumprir a súa misión, a FUAC

O Portal de Transparencia é unha das principais seccións da páxina web da FUAC

<http://www.fundacion.udc.es/portal-transparencia.asp>

actividades da Universidade da Coruña. A súa misión é promover a investigación, a formación, o emprego e a transferencia de coñecemento en colaboración coa Universidade, procurando a participación de entidades públicas e privadas no

utiliza diferentes canles na súa comunicación cos usuarios das actividades en que colabora ou promove. Entre estas canles destaca a páxina web corporativa (www.fundacion.udc.es), onde se inclúe unha sección específica sobre transparen-

cia. Co obxecto de lles dar a máxima difusión ás súas actividades, a Fundación mantén e desenvolve unha plataforma de relación cos seus usuarios e interesados en que figuran rexistradas máis de 25 000 persoas e entidades que, a partir dos seus perfís de usuario, reciben información puntual relativa aos seus intereses e necesidades profesionais.

A FUAC participa en redes sociais como Facebook, Twitter ou LinkedIn, en que conta con máis de 4000 seguidores cos que comparte información sobre os servizos da Fundación e divulga contidos de interese e que lles permite aos usuarios trasladar as súas propostas e necesidades de xeito inmediato.

As actividades principais que desenvolve a FUAC céntranse no emprego, a investigación, a transferencia, a formación e a xestión de proxectos e iniciativas no seu eido de actuación.

Medio millar de egresados benefíciense mensualmente dos programas de formación empresarial en competencias profesionais

A Fundación promove e xestiona programas de formación empresarial tanto en entidades públicas como privadas. Ademais, realiza o seguimento da inserción laboral das persoas beneficiarias das prácticas e desenvolve políticas activas de intermediación laboral entre ofertas e demandas de emprego.

O programa de prácticas remuneradas facilita un primeiro contacto dos estudantes e titulados co mundo laboral, que supón unha vía eficaz para incrementar a experiencia, capacitación e adecuación ao posto

de traballo no seu futuro profesional. Para prestar o servizo, a FUAC desenvolve un labor de prospección para o emprego entre as empresas e institucións e, a continuación, en colaboración cos centros da Universidade, difunde o servizo entre estudantes e titulados.

Os programas de formación empresarial en competencias profesionais que a FUAC impulsou durante 2015 tiveron como destinatarios unha media mensual de 550 estudantes e egresados universitarios, ademais de titulados en formación profesional.

Co obxectivo de levar un seguimento destes programas, xestionados a través da plataforma Emplea (www.fundacion.udc.es/emplea), a FUAC realiza enquisas periódicas ás persoas usuarias. A análise destas, xunto coas taxas de inserción laboral, amosan que os programas de formación empresarial son un medio eficaz para conseguir o primeiro emprego.



A partir da súa relación con entidades e profesionais, a FUAC presta ademais un servizo de emprego, identificando aqueles candidatos máis axeitados aos postos de traballo que empresas e institucións ofertan a través da plataforma Emplea. No último ano ofertáronse 63 postos de traballo a través deste servizo.

Formación continua dirixida ao emprego

A Fundación Universidade da Coruña colabora en programas de formación da UDC, posgraos, congresos e xornadas científicas e culturais, ademais doutros eventos formativos. Así mesmo, a FUAC desenvolve por iniciativa propia as actividades dirixidas á formación continua de profesionais.

Preto dun 60 % das persoas enquisadas en 2015 manifestou ter un contrato laboral na mesma empresa onde realizou as súas prácticas.

O traballo coa dirección dos programas da UDC desenvólvese de xeito coordinado coa Unidade de Estudos Propios de Posgrao (UEPP). Deste xeito, facilítase a posta en marcha e o desenvolvemento das iniciativas formativas como mecanismo de transferencia de coñecemento na adquisición das competencias demandadas no mercado laboral.

A participación abrangue tarefas desde a fase de deseño e a organización, pasando pola administración, a difusión e o seguimento, ata a avaliación das actividades. No último exercicio, a FUAC colaborou nun total de 38 programas formativos dirixidos polo PDI da UDC, que contaron coa participación de 2596 estudantes e titulados.

Adicionalmente, a FUAC desenvolve e xestiona un programa formativo propio. Aliñado coa visión da

Universidade, este recolle información sobre o tecido socioeconómico e as súas necesidades de formación continua, reúne os recursos necesarios e o coñecemento para a súa execución e serve de antena sobre a realidade do mercado socio laboral.

Cooperación para a transferencia e o desenvolvemento

Coa misión de apoiar a investigación na Universidade da Coruña, a FUAC facilita acordos de cooperación científico-tecnolóxica con empresas e proporciónalles aos docentes e investigadores, a través da xestión delegada, un contorno axeitado para o desenvolvemento de programas de investigación.

Baixo unha estreita coordinación coa Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación (OTRI), a FUAC desenvolve un soporte organizativo e funcional na posta en marcha de proxectos e contratos ao

amparo do artigo 83 da Lei 6/2001 orgánica de universidades, na súa xestión económica e na organización de eventos no eido da innovación e transferencia.

As iniciativas no ámbito da UDC procuran a xestión de patrocinios e mecenados da actividade investigadora; a coordinación de grupos de

da UDC ou da comunidade universitaria en xeral.

Preto de 50 proxectos en 2015


A Fundación Universidade da Coruña desenvolve, pola súa banda, proxectos en diferentes ámbitos como a innovación, o emprende-

A transferencia de resultados e a mellora da empregabilidade dos egresados universitarios require dunha actitude proactiva na procura de oportunidades para a interrelación entre empresas, organizacións e grupos de investigación.

traballo con profesores, investigadores ou grupos de interese; a promoción e o apoio de actividades culturais ou extensión universitaria; o impulso de premios ou recoñecementos; así como outras actividades por iniciativa dos diferentes centros

mento, a cooperación ou a inclusión. Estas iniciativas, que en 2015 supuxeron 47 proxectos, teñen por obxecto achegar vontades, axentes e recursos na procura do interese xeral da comunidade universitaria e do contorno socioeconómico galego.

Así, por exemplo, cabe destacar o proxecto Atlantic Power Cluster, en que o Grupo de Investigación en Regulación, Economía e Finanzas (GREFIN) da UDC participou da man da FUAC xunto a outros 17 socios de Reino Unido, Irlanda, Francia e Portugal na creación dunha estratexia transnacional arredor das enerxías mariñas alternativas. Un proxecto que recentemente foi galardoado polos Premios a Proxectos Atlánticos no marco do Plan de Acción Atlántico constituído pola Comisión Europea.



LGx15

Ideas para o futuro da lingua!


*Experiencias, argumentos, opinións, propostas, palabras, reflexións... Ideas!
LGx15 é iso, un proxecto para a difusión de ideas para o futuro da lingua,
e que comeza cun evento de charlas e exposición de argumentos e experiencias que poden influír
nas actitudes e conciencia lingüística e no futuro do galego.*

<http://lgx15.gal/presentacion-lgx15-2016/>

LGx15 é unha iniciativa da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL). Será o próximo xoves 24 de novembro, na Sala Capitol de Santiago de Compostela. Este ano celebra a segunda edición e contará con nove persoas convidadas que intervirán durante 15 minutos, sobre diferentes temas (lingua, tecnoloxía, música, artesanía, gastronomía, autoaxuda, underground...), coa finalidade de que reflexionemos sobre o futuro da nosa lingua. Tamén hai música en directo, humor, propostas, experiencias e ideas arredor da lingua galega.



A presentación:



JOSINHO DA TEIXEIRA E LUÍS O CARUNCHO | Regueifeiros

Actuación musical:



Poetarras

Intervencións:

- MARÍA YÁÑEZ | Costureira de internet: **Primavera millennial para o galego.**
 ALBERTE LAMAZARES | Labrego: **O galego, tamén para falar.**
 DIANA FERNÁNDEZ E DAVID DÍAZ | Blogueira/o de **Bolboretas no bandullo: Bolboreteando coa lingua na rede.**
 ROSALÍA FERNÁNDEZ RIAL | Profesora e poeta: **O galego, lingua ártica.**
 BELÉN REGUEIRA | Comunicadora: **Autoaxuda para neofalantes.**
 MARK WIERSMA | Músico: **No ano 2050 o galego é a lingua da xente: heterotopías, lingua e son.**
 ELENA FERRO | Zoqueira. Eferro: **Dignificar o noso.**
 MARCUS FERNÁNDEZ | Webmaster e comunicador: **ETIC, falas galego?**

<http://lgx15.gal/>

http://www.ctnl.gal/web/notic.php?ide=1267&desc=volve_l-gx15_ideas_para_o_futuro_da_lingua!&show=1&comentario=true